

II

—Ben, pois aquí estamos.

—Si... Non me digas que non é fermoso.

Apertei os beizos e mirei ao meu redor. Desde a miña posición non podía ver máis que un mar de cabezas. A praza ateigada de curiosos, visitantes ou veciños, e todos con ganas de troula.

—Pois non sabería que dicirche, Mariña... Non acabo de entender que lle ves ti de fermoso a unha concentración masiva de persoas, para máis complicación acabadas de chegar desde outro século a maioría delas. Non sendo o inminente perigo dunha avalancha humana, claro.

—Oh, veña, Simón! Non empeces outra vez, queres? Tampouco estaría de máis que por unha vez na túa vida pensases en positivo.

—Pero que dis? Parece que non me coñezas. Eu sempre penso en positivo.

—Ai, si? —respondeu ela arqueando unha cella, escéptica.

—Por suposto. O problema é que aquí hai tanta xente que non queda espazo nin para os bos pensamentos. Bastante teño con pensar en que non me rouben a carteira...

E, desde logo, non estaba mentindo.

A Porta do Sol estaba chea de xente, desde a cúpula do Hotel Moderno ata a cola do Sireno, no alto do seu pedestal. Un mundo de persoas que, como cada primeiro domingo despois do 28 de marzo, se concentraba na praza para contemplar a representación popular, o teatriño que constituía o acto central da festa da Reconquista, en conmemoración daquel día heroico de 1809 en que os antigos habitantes de Vigo botaron fóra as tropas napoleónicas.

—Veña, home —insistiu—, anímate un pouco. E presta atención, non vaíamos cruzarnos con algún coñecido e non o saudemos.

—Cruzarnos con algún coñecido, dis? —repetín, arqueando as cellas—. A ver, Mariña, o raro sería non facelo. Ti viches como está isto? Aquí debe de estar, como pouco, a poboación mundial ao completo. Cunha pouca de sorte igual atopamos a Santa Compañía, a selección española do mundial 82 e, quen sabe, se cadra ata batemos con Elvis, non o descartes.

Por moi esaxerado que o meu comentario lle parecece, tampouco ía tan descamiñado. Alí había xente por todas partes, e, malia que a praza estaba xa de tas en bas, tanto por abaixo, desde as rúas do Príncipe ou de Policarpo Sanz, como pola de Elduayen, na parte alta da praza, o río de xente non deixaba de fluír en dirección á Porta do Sol. Tampouco se vía unha fiestra á que non houbera alguén asomado, desde o edificio Simeón ata o do Moderno, desde a Casa da Cultura

á de Pardo Labarta. Todo o mundo ía vestido de paisano ou de época, cun neno no colo, cunha fouce de madeira, ou armados incluso con tarecos que, con maior ou menor fortuna, intentaban replicar antigas armas do século XIX. Con todo, tampouco esta vez estaba Mariña por dar-me a razón.

—Es incorrizable... Pois mira –sinalou, apuntando co queixo cara ao centro da praza–, eu xa atopei alguén.

—Pois vaia sorpresa... –respondín polo baixo, sen ningún entusiasmo—. E de quen se trata, se pode saberse?

—De Tristán.

—Quen?

—Tristán –repetiu, coma se só houbera un único Tristán en todo o planeta e eu tivese que coñecelo.

Vendo que seguía sen identificar a ninguén entre a multitude, Mariña rosmou para, xusto a continuación, ter a xentileza de concretar un pouco máis.

—Tristán –aclarou, sinalando un home de idade bastante avanzada, uns cantos metros máis alá de onde nós estabamos–, o señor Taboada.

—Ah, claro, o señor Taboada! –repetín, arremedando con grandilocuencia a súa voz.

Volveuse para observarme.

—Non tes nin idea de quen é, verdade?

—Nin a máis remota.

Boteille unha nova ollada.

—Sóame o nome, pero non, non me decato... Quen é, un vello amante, talvez? Porque o de vello resulta evidente. Agora, o de amante...

—Oes! –Mariña reprendeume cunha pancada que quixen interpretar como agarimosa—. Veña, deixa de dicir parvadas, e acompáñame, que imos saudalo.

—Que te acompañe? —preguntei, temendo o peor—. A onde?

—Aí —acenou—, aí diante.

—Aí? —repetín, observando na dirección en que ela comezaba a tirar de min—. Seica toleaches? Polo amor de deus, Mariña... Se aí debe de haber un millón de persoas, polo menos.

—Si, e algunha máis tamén —respondeu, desprezando o sensato da miña apreciación ao tempo que volvía tirar de min, esta vez con máis forza—. Veña, imos. E deixa de comportarte coma unha criatura, que xa es grandíño!

Avanzabamos, sorteando todas as dificultades do mundo, cara ao lugar en que se atopaba o tal señor Taboada cando Mariña volveu deter o paso bruscamente, apenas xa a un par de metros do home.

—Agarda.

—E agora que ocorre, que cambiaches de idea? Pois nada, muller, damos a volta e volvemos para a casa, non te preocupes. Se é o que ti queres, eu saberei aceptalo...

—Cala, non sexas pallaso. Fíxate, creo que non chegamos nun bo momento.

Estaba no certo. Unha ollada rápida bastou para comprobar que, en efecto, o momento non era o máis indicado para achegármonos ao señor Taboada.

Separados por apenas uns centímetros, o home ao que Mariña se refería como Tristán mantiña un diálogo tenso con outra persoa, alguén situado de costas a nós. Desde a nosa posición só podíamos ver que se trataba de alguén alto, e máis novo que o señor Taboada. Parecía elegante, desa xente que viste de maneira informal (iso que agora chaman *casual*), pero deixando claro en todo momento que aquí os guapos

son eles. En realidade, a primeira vista non había moito no diálogo entre aqueles dous homes que chamase de xeito especial a atención da xente que os rodeaba, alleos ás súas palabras. Pero unha ollada máis atenta delataba enseguida a cerna do asunto. Un xesto casual por parte do tipo alto permitiunos ver que se trataba de alguén notoriamente máis novo ca Tristán, a quen agora se dirixía con firmeza. Levaba o pelo enchoupado de fixador, peiteado para atrás, formándolle un guedello de bucles sobre o pescozo, e mantiña a fronte botada cara adiante e a mirada cravada nos ollos do vello. Polo contrario, o outro, vestido de xeito moito máis discreto, apenas lle devolvía a ollada de cando en vez, dedicándose a observar con incomodidade ao seu redor a maior parte do tempo. Supoño que para compensar esa falta de atención, o máis novo mantiña amarrado con forza o brazo do seu interlocutor, contribuíndo con este xesto a darlle un aire máis ameazador ao cadro.

Foi precisamente nunha desas olladas arredor cando Tristán Taboada reparou na nosa presenza, aínda inmóbiles entre a multitude a uns cantos metros deles. Incómodo, desfíxose da man do outro e, cun aceno que a min se me pareceu moito a un «Vai ao carallo», deu por resolta a conversa para achegarse a nós. Desprezado, o tipo elegante aínda lle dedicou ao vello unha última ollada rápida, tan severa como incómoda, antes de botar tamén el a andar e perderse entre a xente.

—Ola, Mariña —saudou con agarimo ao chegar, xusto antes de darlle un bico; a tan pouca distancia, os anos revelábanse moito máis evidentes: aquel home había de andar preto dos oitenta—. Que alegría máis grande verte —seguiu—. Como estás, miña rula?

—Ben, Tristán, ben. E ti, como vai todo? —Mariña deixou correr un ou dous segundos para compartir unha ollada cómplice co vello—. Seica hai algún problema?

—Problema? —repetiu el, engurrando un pouco a fronte; mirou cara atrás, e deixou escapar un sorriso lánquido ao comprender—. Ah, dilo porque me viches falando con este... —mordeu o beizo—, con este colega, verdade?

—Si. Espero que nos desculpes, pero é que non podemos evitar ver como...

—Non —desprezou cun aceno da man—, perde coidado. O señor Maceo e mais eu só estabamos comentando un par de cuestións referidas ao seu novo cargo. Algo sobre un asunto no que somos..., como che diría eu? Lixeiramente discordantes —respondeu, recuperando un sorriso máis flegmático que sincero.

—Vaia, ese Maceo... Era Gonzalo Maceo? —preguntou Mariña, mirando na dirección en que o tipo acababa de desaparecer.

Pero o vello non respondeu. De súpeto quedou mirando para Mariña, sorrindo en silencio ao tempo que entornaba os ollos.

—Oh, claro, por suposto. Ti... Ti xa o coñeces, non é así?

—Non —respondeu Mariña secamente.

Tristán volveu mirala, estrañado.

—Non? Ah...

—Non persoalmente, quero dicir. Algo lin sobre el —puntualizou—, no xornal, estes días. Por iso deduzo que o cargo ao que te refires será o de novo director do museo Quiñones de León...

—En efecto, miña nena. Aí o tes, acabado de chegar á cidade, como quen di, e xa enchufado. O novo xefe de Cas-

trelos, que che parece! Que noxo de política, miña nena...
—laiouse o señor Taboada nunha mestura de malestar e resignación—. Boh, non malgastemos o tempo falando de asuntos que non pagan a pena, rapariga, que hoxe é día de festa. Mellor falar de cousas fermosas. Como, por exemplo, ti. Que, seica temos algunha novidade que compartir cun vello amigo? —preguntou con expresión pícara pousando a súa ollada en min.

Esta vez foi Mariña a que sorriu.

—Abofé que si. Deixa que che presente o meu mozo: este é Simón Varela.

—Un pracer —saudei, tendéndolle a man.

—Simón é arquitecto.

—Ah, si?

—Si. E aquí onde o ves, se non fose tan despistado —engadiu sen quitarme a vista de enriba—, xa caería na conta de que ti es o Cronista Oficial da Cidade.

Touché.

—Vostede é...?

—Ben, iso é o que van afirmando por aí as malas linguas —respondeu o vello volvendo sorrir.

Recoñezo que con aquilo non contaba. Por iso me soaba o nome.

A miña profesión ensinoume a valorar e respectar a historia da miña cidade. E non hai espello onde a ela lle guste máis mirarse que na súa arquitectura. Todo o que teña que ver coa súa historia, cos seus edificios e coa súa memoria foi sempre do meu interese. Así, nos últimos días non houbera máis que unha nova relacionada coa arquitectura local. Unha

gran nova. Tal como o alcalde en persoa anunciara nunha multitudinaria rolda de prensa celebrada había pouco máis dun mes, un dos edificios máis singulares e emblemáticos da paisaxe viguesa estaba a piques de ser, por fin, rescatado da ruína: a Panificadora. Logo de máis de sete lustros de abandono, chegaba a promesa dun novo futuro para o vello complexo industrial, aínda en pé en pleno centro da cidade (se ben cada día con máis dificultade), na mazá comprendida entre as rúas Falperra, Cachamuíña e Santiago.

Polo que se explicara na mesma rolda de prensa, semellaba que finalmente o Concello se decidira a adquirir a antiga fábrica de pan para a súa recuperación. Entre os distintos espazos aos que a restauración daría acubillo, ademais dun novo auditorio, un conxunto de salas de exposicións, e incluso unha nova Biblioteca Municipal, a antiga fábrica, verdadeira xoia da arquitectura industrial galega orixinalmente inaugurada no ano 1924, tamén albergaría a sede do novo Arquivo Municipal, dando por fin solución á demanda de espazo e medios que tanto tempo levaba reclamando o seu director, o señor Tristán Taboada.

—Pois daquela permita que lle dea os meus parabéns, señor.

O vello observoume sen comprender.

—Por?

—Polo asunto da Panificadora. Creo que se trata dunha nova estupenda, tanto para a arquitectura da cidade, como para os veciños en xeral.

—Ah, iso... —respondeu separando a súa man de entre as miñas.

Talvez me equivocase, pero xuraría detectar certa incomodidade na súa voz. Mariña tamén o notou.

—Ocorre algo, Tristán?

O ancián volveu mirar cara atrás, ás súas costas.

—Non –respondeu á fin–, non. Non fagades caso, é que ese asunto está a dar-me bastante máis traballo do que esperaba...

—E iso? Eu cría que se trataba dunha boa nova.

—Si, si, claro que si. De feito, non imaxinades a de anos que pasamos pelexando por conseguilo –afirmou mentres recuperaba un leve sorriso–. Tan só é que toda a preparación do traslado está a resultarme moito máis complicada do que nun principio pensara, e...

—O traslado? –interrompino, sorprendido–. Non é un pouco cedo para iso? Quero dicir, as obras aínda non fixeron máis que comezar, apenas hai uns días. Ou, vaia, iso é o que lin nos xornais...

—Si, por suposto. Mais, como comprenderá vostede, agora que sabemos que xa non hai marcha atrás, canto antes comecemos a traballar, mellor. O Arquivo Municipal ten un volume máis que considerable, polo que o seu traslado require tempo. Moito tempo, e aínda máis organización. Á fin e ao cabo, nunca sabe un o que pode acabar atopando ao revolver nesas vellas caixas...

Quedou calado un intre, a mirada perdida no chan.

—Pero si –confirmou ao cabo duns segundos, debuxando novamente un sorriso no rostro–, claro que é unha boa nova. Para todos...

—Bibliotecario!

Alguén berraba fronte a nós. Esta vez fomos Mariña e mais eu os que buscamos ás costas do señor Taboada, mentres el, que xa recoñecera a voz, nos miraba cunha ollada resignada, de novo o aceno incómodo na súa expresión.

Polo mesmo lugar por onde chegara a chamada achegábase agora unha estrafalaria comitiva, composta dunha parella de soldados napoleónicos escoltando un terceiro home, tamén enfundado en traxe de época.

—Bibliotecario! –repetiu o tipo vestido de paisano decimonónico, fardado con casaca negra, chaleco azul, e tocado cun xigantesco chapeu—. Por fin dou contigo, Tristán. A de tempo que levo buscándote. Pode saberse onde te metes?

Tristán Taboada deixou escapar un suspiro submisivo.

—Ola, alcalde.

Teño que admitir que ata ese momento non caera na conta de que era el. Como recoñecelo, vestido da maneira, e case por completo oculto baixo un chapeu que ben podería ser recualificado como terreo urbanizable? Pero logo comprendín. Caracterizado como Vázquez Varela, rexedor da vila en tempos da ocupación francesa, César Escudeiro, actual alcalde da cidade, acababa de facer a súa entrada no noso pequeno foro.

—A que raio andas, Tristán? Seica xa non recordas que temos traballo que facer?

—Por suposto que si –respondeu sen demasiado entusiasmo—. Tan só estaba aquí, charlando un anaco cuns bos amigos.

Ata ese momento o alcalde non reparou na nosa presenza.

—Uns amigos, dis? –preguntou, mudando o ton reprobatório co que ata entón se dirixira ao señor Taboada por un moito máis melindroso—. Pois se son amigos teus, daquela tamén son amigos meus! A quen teño o gusto de saudar, señorita? –preguntou ao tempo que tomaba a man de Mariña entre as súas, inclinándose lixeiramente ante ela.

—Esta é Mariña Dafonte, César. A filla da defunta dona Isabel Llobet.

—Ah, por suposto... —afectou a súa expresión o alcalde—. No seu momento lamentamos profundamente o pasamento da súa nai, señorita. A señora Llobet era unha das mulleres máis queridas, admiradas e respectadas da nosa cidade.

—Grazas —respondeu secamente Mariña, retirándolle a man.

—Non hai de que. Saiba que se hai algo no que eu lle poida servir non ten máis que pedilo. E vostede —preguntou observándome agora a min—, vostede é...?

—Simón Varela, arquitecto —respondín estreitando con forza a man do alcalde—. A miña nai xa hai moito que morreu, pero, se quere, tamén pode vostede servirme en todo canto lle apraza sempre que lle praza. Nada máis ten que pedilo, xa sabe.

—Desculpe... —respondeu desconcertado—, como di?

Sorrín.

—Nada —respondín desbotando a chanza—. Comentabamos co señor Taboada a boa nova da Panificadora.

—Ah —sorriu tamén el—, ese tema...

Ao momento comprendín que, esta vez si, o meu comentario acertara de cheo na satisfacción do alcalde. Tanto, que por un segundo incluso tiven a sensación de que sacaba peito, inchado polo maior dos orgullos. Vaia, que, como dirían os máis vellos do lugar, ao tipo non lle cabía unha palla polo cu.

—Si —continuou—, por suposto que é unha boa nova. Créame vostede se lle digo que o asunto da Panificadora era un verdadeiro clamor cidadán.

—Home, tanto como un clamor...

—Un clamor, cabaleiro, dígollo eu! Por fin, a súa recuperación será un luxo para todos os veciños. Un luxo —matizou,

con esa mestura de suficiencia e pedantería que tantas outras veces lle vira exhibir en público— que sempre lles pertenceu, por suposto...

—Claro, claro...

—Pois xa que sacan vostedes o tema —continuou, igual de orgulloso pero cunha pouca máis de arrogancia—, direilles que esa non é a única novidade que teño para compartir cos meus veciños. E máis nun día tan especial coma este. Verdade, bibliotecario?

Pero o señor Taboada, a quen o alcalde se empeñaba en chamar bibliotecario, non respondeu, limitándose a amosar un aceno incómodo. No seu lugar, foi Mariña a que falou.

—Máis novidades? Vaia, señor alcalde, hai que ver. Está vostede que non para! —A súa voz soaba cargada de cinismo—. Primeiro a súa imputación na Operación Ganso, logo a moción de censura... Pregúntome que será o seguinte.

Sabía que o alcalde nunca fora santo de especial devoción para Mariña, pero vaia, pensei que aquilo era telos moi ben postos.

—Si, todos estamos ao día da actualidade local..., verdade, señorita?

Se realmente se puidese matar cos ollos, Mariña necesitaría reanimación asistida alí mesmo.

—Pero sucede —continuou— que hoxe non é día para tratar certo tipo de temas, miña amiga, senón para que falemos da Reconquista. De maneira que agora, se me desculpan, teño un discurso que pronunciar.

Mariña engurrou o cello.

—Vostede? —preguntou estrañada, facendo caso omiso do desaire do alcalde—. Vai pronunciar vostede o discurso do Vázquez Varela?

—Así é —confirmou soberbio o rexedor—. Ou que pensa vostede, que vou vestido deste xeito porque non atopei a tempo a roupa dos domingos?

—Pero... Non o entendo —seguiu ela, desconcertada—, dese parlamento sempre se encarga un dos actores.

—Este ano, non —respondeu tallante o alcalde—. Este ano teño unha nova moi importante que compartir cos meus veciños. E todo grazas ao bo facer do noso común amigo o señor Taboada. Non é así, bibliotecario?

—Alcalde, eu sigo pensando que igual non...

—Unha nova —seguiu Escudeiro, ignorando por completo o comentario do cronista— que cambiará para sempre a nosa concepción acerca do verdadeiro significado da Reconquista.

—César —insistiu Tristán—, debo advertircho unha vez máis. Eu non estou de acordo con isto. Díxenche que aínda non era nada seguro, e ti sabes de sobra que as consecuencias poderían ser moi serias. De non estar no certo, estaríamos cometendo un erro moi grave.

Desta volta foi ao vello Taboada a quen o alcalde fulminou coa ollada. Máis que contrariado, aínda tivo tempo de dedicarnos unha mirada rápida, tan incómoda como furiosa, antes de agarrar polo brazo o vello erudito e poñérense os dous de costas a nós.

Malia que o alcalde se dirixía a Tristán en voz baixa, a escasa distancia que os separaba de nós facía imposible non oír a conversa.

—Escoita, bibliotecario, e escóitame ben, porque esta é a última vez que cho digo —César Escudeiro falaba con rabia, mordendo cada unha das palabras que saían pola súa boca—. Ese fillo de puta declaroume a guerra, enténdelo? A fodida

guerra! Leva anos tocándome os collóns, pero vai apañado se pensa que con isto pode acabar comigo.

—Pero César...

—Nin peros nin hostias, Taboada! Á fin e ao cabo ese pelandrán non é máis ca un mexericas, un beato cunha candea metida no cu, así que se quere xogar sucio, aí será onde lle deamos. Onde máis lle doe. E para iso necesitote aquí, comigo. Queres que che faga un fodido plano, ou quedache claro xa?

Intimidado, o señor Taboada non fixo máis que asentir en silencio.

—Máis che vale —concluíu o alcalde—. Lémbroche que nesta historia todos temos moito que perder. Estamos? Pois veña, arreando.

Virou sobre si, de novo cara a nós. E, para a nosa grandísima sorpresa, o rostro do alcalde volvía amosar agora a maior das cordialidades, sen rastro de toda aquela carraxe que, apenas un segundo antes, enchoupaba cada unha das palabras que cuspía na orella do ancián.

—Señorita, cabaleiro, se nos desculpan...

—Claro, por suposto... —respondín, aínda sen saír do meu asombro.

—Pero, por favor —engadiu, volvendo xirar unha vez máis—, vostedes non marchen. Queden aquí e, se prestan atención, verán como hoxe cambia para sempre a historia da nosa cidade. Imos, bibliotecario.

Os dous homes botaron a andar, con aquela parella de soldados franceses, supoño que en realidade escoltas do alcalde, abríndolles paso entre a multitude. Consciente de que algo ía mal, Mariña intentou unha última comunicación co vello, antes de que este se perdesse entre a xente.

—Tristán!

O señor Taboada virou a cabeza, e aínda alcanzou a responder.

—Non te preocupes, non pasa nada. Enseguida estou con vós.

E desapareceu, tragado polo mar de cabezas, en dirección ao escenario no medio da praza.

Apenas tivemos tempo de intercambiar tres ou catro olladas desconcertadas, sen saber moi ben nin que dicir nin moito menos que raio sucedera, cando sentimos que a xente comezaba a berrar e aplaudir. César Escudeiro acababa de saír a escena. Estaba rodeado polos membros da compañía que montaba o teatriño da Reconquista, en realidade veciños todos do Casco Vello que agora, coma sempre, se preparaban para representar os mesmos papeis que cada un deles levaba interpretando ano tras ano. Alí estaba o heroico Cachamuíña; o gordo e incompetente comandante Chalot; Almeida, o tenente portugués; a fermosa Aurora; o valente Carolo... Todos, agás o veciño que sempre interpretaba a Vázquez Varela. No seu lugar, esta vez estaba el: no centro do escenario, rodeado por todos os demais, o alcalde agardaba en pé. Un pequeno emperador, visiblemente orgulloso da acollida que a súa propia posta en escena suscitaba entre o populacho. César Escudeiro, o actual alcalde, convertido en Vázquez Varela, o histórico rexedor. En segundo plano, un par de metros máis atrás, Tristán Taboada, intentando disimular o malestar que todo aquilo lle producía. Sen demasiado éxito, por certo. Levaba a incomodidade escrita na cara, e eu apostaría o que fose a que preferiría estar no mesmísimo inferno antes que

alí, naquel escenario, ante a ollada atenta dos milleiros de persoas que abarrotaban a Porta do Sol.

—Veciños!

Coma se estivesen agardando algún tipo de sinal por fin recibido, toda a praza estoupou nunha única voz atronadora.

—Mira —díxenlle a Mariña, intentando que a miña voz soase sobre o estrondo ao noso redor—, isto si que é un clamor...

O son dos berros e dos aplausos foi mesturarse co estoupar dos tambores, os petardos e os disparos de fogueo cos que toda a xente vestida de época respondía á chamada do seu alcalde, confundíndoo todo, chamada e resposta, nun boureo enordecedor. Como o gran caudillo que nese momento se sentía, o alcalde alzou os brazos e mantívoos dese xeito, inmóbiles no aire, pedindo silencio desde o máis autocompracente dos sorrisos.

—Boas tardes, veciños!

Aínda continuaron os berros un tempinho máis ata que, pouco a pouco, o nivel de decibelios empezou a baixar. Sentindo que por fin era xa o dono de toda a atención, César Escudeiro comezou a falar.

—Boas tardes, e feliz Reconquista a todos! —houbo un novo conato de euforia, mais, por sorte, esta vez o alcalde seguiu falando antes de que o tumulto se fixese máis forte cá súa voz—. É para min un orgullo dirixirme a vós, co beneplácito, por suposto, das autoridades pertinentes —aclarou, dedicando un ademán de finxida reverencia aos actores—, nunha data tan especialmente sinalada no libro dos nosos días. Porque, veciños!, hoxe, o día en que estamos a piques de loitar a ferro e lume, é un dos máis importantes da nosa historia. Aquí estamos, todos unidos, facendo bo xugo, corazón

con corazón, dispostos a facer valer a nosa honra, os nosos valores! Dispostos a pelexar contra os nosos inimigos, no día en que gañamos... —gardou unha pequena pausa dramática, botando man dos seus recursos de vello raposeiro—, o noso recoñecemento como cidade ante o mundo!

Pese ao limitado da súa retórica, o alcalde conseguiu desatar a euforia dun público que, para sermos honestos, tampouco é que necesitase de grandes panexíricos para dar renda solta ás súas ganas de festa. De novo atronaron os berros, os petardos, os aplausos.

—É que non aturo este tipo! Non o aturo!

—Que?

—Digo —berrou Mariña na miña orella— que non podo con este fulano! Mírao aí, soltando paridas con ese ton seu, todo populismo! Coma se fose un fodido rei mago botándolles caramelos aos cativos! Un cacique, iso é o que é! E toda esa merda que está a soltar, sobre a honra e o valor... Pero de que fala? Se el máis ca ninguén está de merda ata as orellas!

—Xa...

Talvez debería dicir algo máis, pero o caso é que, malia ter a Mariña pegada a min, custábame escoitar a súa voz por riba do estrondo da praza.

—Sei que non é o habitual —proseguiu o alcalde—, pero se hoxe estou aquí, falando cos meus paisanos, é porque teño algo moi importante que contarvos. E non se me ocorre voz máis autorizada para facelo, que a que me poida prestar Vázquez Varela, o meu nobre e valente predecesor no cargo en que vós tivestes a ben poñerme. Porque hoxe, nestes días tan convulsos que nos toca vivir, días de mentiras e traizóns, creo que o correcto é compartir con vós algo que, grazas aos

desvelos do señor Tristán Taboada, o noso cronista oficial aquí presente, me foi revelado.

Fixo unha pausa, só o xusto para que o señor Taboada recibise un discreto aplauso.

—E quero compartilo aquí —continuou—, cos meus veciños. Porque nada máis nós, homes e mulleres valentes desta cidade, estamos autorizados pola nosa propia Historia para comprender o verdadeiro significado de palabras como *valor*, *honestidade*, *compromiso*, ou, por que non, *reconquista* —nova pausa dramática—. A nosa Reconquista!

Unha vez máis volveu estoupar o mesmo clamor, esta vez si, sensiblemente apupado pola arenga patrioteira do alcalde. Regresou o boureo, a algarabía das voces. Houbo berros e máis aplausos. E de novo as explosións. Todo o mundo se revolvíaa ao son dos tambores, dos bombos. Lanzáronse máis petardos, houbo máis detonacións. Todo eran berros, estrépito, fragor. Desde todas partes. Na rúa, nos edificios, desde as fiestras...

E daquela ocorreu.

Foi un espasmo, algo estraño. Un movemento fortuíto.

—Algo ocorre...

A primeira vez non a escoitei.

—Simón, algo ocorre.

—Que?

—Parece que... Non sei, pero creo que pasou algo...

Simón, mira!

A súa voz soou alarmada.

—Que, que!

—O alcalde!

—Que?!

—Acaba de caer —dixo—, o alcalde acaba de caer!

—Como?

—O alcalde –repetiu–, acaba de caer ao chan!

—Santo ceo...

Nese instante alguén máis se decatou. E daquela todo cambiou. Empezando pola música de fondo: as voces de xúbilo comezaron a calar, e pouco a pouco, comprendendo que algo ocorrera, a praza foi quedando en silencio, impregnada desa electricidade que delata a gravidade das situacións.

—Disparáronlle! –berrou alguén–. Dispararon ao alcalde!

O certo era que desde a nosa posición, diante mesmo dun dos piares da estatua do Sireno, non chegabamos a ver con exactitude que demo estaba pasando. Tan só que, en efecto, o corpo do alcalde permanecía caído, de costas sobre o escenario. Inmóbil.

Só foi un segundo, dous como moito. Pero eu lembro a sensación, a impresión terrible de sentir toda a praza afogada no máis asfixiante silencio. Durante ese tempo ninguén dixo nada. Por un segundo, dous como moito, todo foi pedra, asfalto, e respiración contida.

E entón sucedeu.

Alguén pisou un globo, ou deixou caer unha baqueta sobre a pel dun tambor, ou talvez estoupou un petardo que tardara en prender, non o sei. Houbo unha nova explosión e, no medio de todo aquel silencio, aquel ruído soou como a máis terrible das ameazas. E pasou o que tiña que pasar. Todo o mundo comezou a berrar aterrorizado, correndo asustado sen ningún tipo de control dun lado para outro. Sálvese quen poida, e todo se rompeu. Só tiveron tempo de coller a Mariña, apertala con forza contra min para que ninguén lle fixese dano, e aguantar o primeiro embate daquela treboada de golpes, berros e carreiras que, con toda seguridade, estaba por chegar.

No medio do temporal de corpos e medo, xa unha vez en movemento buscando seguridade tamén para nós, aínda puiden dedicarlle unha ollada rápida ao escenario antes de saír da praza. O tempo xusto para identificar o pánico no rostro do señor Taboada. Recoñecino inmóbil alá ao fondo, aínda enriba das táboas, a súa mirada cravada no corpo do alcalde, caído boca arriba. Unha décima de segundo antes de que, como todos os homes e mulleres que ata ese momento permaneceran con eles no palco, tamén el saíse correndo. Vino baixar do escenario entre golpes, perderse correndo pola rúa Carral abaixo e, despois, nada.

Golpes, berros, e carreiras no medio do caos.

Mariña e mais eu corremos como mellor puidemos en dirección á rúa do Príncipe e, xa á altura do cruzamento coa de López de Neira, atrevémonos por fin a mirar atrás.

—Que pasou! —berrou ela—, que foi o que pasou?!

—Non o sei, Mariña, non estou seguro —respondín sen deixar de correr—. Pero xuraría que acaban de matar o alcalde...